

Jean R. Longland e a cultura galega alén mar

Teresa López
Universidade da Coruña

Resumo: En 1963 Jean R. Longland, directora da Biblioteca da Hispanic Society of America, especialista en bibliografía luso-brasileira e tradutora, visita Galiza e coñece a Ramón Piñeiro. A partir dese momento manteñen un contacto epistolar continuado e unha relación persoal cordial favorecida polas visitas anuais aos Estados Unidos que Piñeiro vai realizar entre 1966 e 1970 para participar na Escola de verán do Middlebury College en Vermont. En novembro de 1969, a proposta de Longland, Ramón Piñeiro é electo membro correspondente da Hispanic Society. Analizamos o papel de Jean R. Longland como parte da rede de contactos do grupo Galaxia para a penetración e a difusión da cultura galega no mundo académico norteamericano.

Palabras chave: Jean R. Longland, Ramón Piñeiro, Hispanic Society of America, cultura galega, Ernesto Guerra Da Cal.

Resumen: En 1963 Jean R. Longland, directora de la Biblioteca de la Hispanic Society of America, especialista en bibliografía luso-brasileña y tradutora, visita Galicia y conoce a Ramón Piñeiro. A partir de ese momento mantienen un contacto epistolar continuado y una relación personal cordial favorecida por las visitas anuales a Estados Unidos que Piñeiro realizará entre 1966 y 1970 para participar en la Escuela de verano del Middlebury College en Vermont. En noviembre de 1969, a propuesta de Longland, Ramón Piñeiro es elegido miembro correspondiente de la Hispanic Society. Analizamos el papel de Jean R. Longland como parte de la red de contactos del grupo Galaxia para la penetración y la difusión de la cultura galega en el mundo académico norteamericano.

Palabras clave: Jean R. Longland, Ramón Piñeiro, Hispanic Society of America, cultura gallega, Ernesto Guerra Da Cal.

Abstract: In 1963 Jean R. Longland, who is Curator of the Hispanic Society of America Library specialized in Luso-Brazilian books, and also a translator,

comes to Galicia and meets Ramón Piñeiro. From then on, they begin to correspond regularly via postal mail and maintain a personal relationship stimulated by Piñeiro's annual visits to the US between 1966 and 1970 to take part in Middlebury College's Summer School (Vermont). In November of 1969, upon Longland's proposal, Ramón Piñeiro is elected Correspondent Member of the Hispanic Society. We analyze Jean R. Longland's role as a part of the network of contacts made by the Galaxia group in order to spread Galician culture in North American academia.

Key words: Jean R. Longland, Ramón Piñeiro, Hispanic Society of America, Galician Culture, Ernesto Guerra Da Cal.

En 1904 Archer Milton Huntington, herdeiro dunha das maiores fortunas dos Estados Unidos, funda a Hispanic Society of America (HSA) que, a partir de 1908, coa inauguración da sede da institución en Nova York, se convertería nunha biblioteca con museo para albergar as coleccións artísticas e bibliográficas –especialmente valiosa a de libros antigos e manuscritos– reunidas polo seu fundador (Coddington 142-170; *A History*).

Desde o inicio no cadro de persoal da sociedade teñen unha presenza moi relevante as mulleres e, a partir de 1921, pasa a ser contratado exclusivamente persoal feminino (Espinosa 50)¹. Alén de tarefas de administración e de xestión, a maior parte das traballadoras da Hispanic Society van desempeñar labores de investigación. Algunhas contaban con preparación académica previa, adquirida en institucións como a universidade Simmons de Boston, ou cun perfil profesional definido –bibliotecarias, na maioría dos casos (Espinosa 50)–, mais cando non era así, o seu traballo, vinculado a unha sección concreta dos fondos e das coleccións da

1 Espinosa (50) sinala tamén como a partir de 1919 Huntington “comenzó a buscar a sus colaboradores en escuelas especiales para sordomudos, como la New York School for the Deaf (Fanwood School) y el Gaudet College de Washington”.

sociedade, en ocasións completado por viaxes de estudos patrocinados pola propia HSA, vai conducilas á especialización. Moitas converteranse en nomes de referencia no seu ámbito científico, acadando o recoñecemento de *membros* da institución na que traballaban.

Exemplo senlleiro deste percurso é a fotógrafa Ruth Matilda Anderson, que acabará sendo conservadora de *Customs and Maners* e experta en traxe típico, recoñecida coa medalla Sorolla pola propia HSA en 1951. Anderson, autora por encomenda da sociedade de milleiros de fotografías que recollen a vida na Galiza dos anos vinte e do volume *Gallegan provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña* (1939), talvez sexa na actualidade o nome máis coñecido dun plantel en que figuran Frances Spalding, Alice Mc Van e Jean R. Longland, todas vinculadas en diverso grao e en diferentes alturas da súa actividade profesional coa cultura galega. Frances Spalding acompañara a Ruth Matilda Anderson na segunda das súas viaxes a Galiza, nos anos 1925 e 26; Alice Mc Van, unha das empregadas da HSA proveniente do Gaudet College, especialista en Machado e a súa tradutora ao inglés, será quen propoña a Álvaro Cunqueiro como membro correspondente da HSA en 1961 e traducirá ocasionalmente algún texto do mindoniense² e Jean R. Longland, autora de traducións da lírica trobadoresca galego-portuguesa ao inglés, manterá un contacto continuado coa actividade cultural galega nucleada arredor de Galaxia a través da

2 Na HSA consérvase copia da carta que remitiu a Cunqueiro achegando unhas traducións: "In case it should be of some slight interest to you, I am enclosing translations of selections from *Las manzanas de oro*, made about a year and a half ago. It was sheer delight to do them and the doing was solely for my own pleasure" (carta de 1/5/1962, carpeta Álvaro Cunqueiro, HSA). O texto traducido non se conserva na carpeta mais seguramente se trate do poema en prosa "Las manzanas de oro", publicado en marzo de 1956 no número 1 da revista *Poesía española*.

relación, epistolar e persoal, con Ramón Piñeiro, a quen propondrá como membro da institución.

En 1954, segundo recolle o volume conmemorativo do cincuentenario da HSA, Spalding era *Curator of Records*, responsábel de investigación de ornamentación de manuscritos e membro do Comité executivo. McVan era *Assistant Curator for Membership Records*, responsábel da xestión dos expedientes dos membros. Longland era directora da biblioteca e especialista en bibliografía portuguesa.

A partir da década de 60 Jean R. Longland desempeñou unha intensa actividade como tradutora de poesía portuguesa, que será recoñecida co Premio Portugal en 1973. Segundo confesión propia, fora Guerra Da Cal –na altura profesor na New York University, membro da HSA desde outubro de 1960 e patrono da institución desde novembro do ano seguinte– quen prendera nela o interese pola tradución: “The interest of many translators can best be described as a passionate love affair. Certainly this is true in my own case, the passion having been ignited in a course given by Ernesto Guerra Da Cal” (Longland 136). O resultado máis notábel deste labor é a antoloxía bilingüe *Selections from Contemporary Portuguese Poetry* (1966), prologada por Ernesto Guerra Da Cal, unha ampla escolma de poemas³ que foi presentada no curso do VI Coloquio de Estudos Luso-Brasileiros celebrado nas uni-

3 Da autoría de J. Gomes Ferreira, José Régio, Saúl Dias, Alberto de Serpa, Miguel Torga, Carlos Queiroz, Adolfo Casais Monteiro, Merícia de Lemos, Tomaz Kim, Ruy Cinatti, Álvaro Feijó, Mário Dionísio, Fernando Namora, Jorge de Sena, Sophia, Raul de Carvalho, Egito Gonçalves, Mário Cesariny, João Maia, Antonio Manuel Couto Viana, Sebastião da Gama, Alexandre O’Neill, António Ramos Rosa, António Luís Moita, David Mourão-Ferreira, António Maria Lisboa e Alberto de Lacerda. O seu labor de tradución foi eloxiado por Taborda de Vasconcelos (Rodríguez Gómez 384).

versidades de Harvard e Columbia, unha reunión científica á que asiste como convidado Ramón Piñeiro.

Longland coñecera a Piñeiro en Compostela tres anos antes, en 1963. Nese ano viaxara a Europa en compañía de Alice Mc Van⁴, quen tiña a encomenda de comprar libros e facer diversas xestións para a institución, ao tempo que recababa materiais para un artigo sobre a escola de Menéndez Pidal. Segundo recolle no “Report of the trip to Spain, 1963” (carpeta Alice Mc Van, HSA), o informe sobre a súa actividade presentado á institución, visitaron España, Portugal e Inglaterra. En Lisboa mantiveron encontros con José Miguéis e con Fidelino de Figueiredo, e en Madrid con Menéndez Pidal, Dámaso Alonso, Gerardo Diego, Rafael Lapesa, Ángela Figuera, Joaquín de Entrambasaguas, Julio Casares e Samuel Gili Gaya. Mc Van non puido encontrarse con Pedro Laín Entralgo, Dionisio Ridruejo e Julián Marías, que “were not in Madrid for reasons of personal safety”. En Barcelona, entre outras persoas, encontrouse con “José Porter, the bookdealer, took me on a tour of his remarkable foundation, The Institute of North American Studies, housed in a modern building he has erected, with colorful rooms full of young Spaniards, studying, drinking coffee, and chatting”⁵.

4 Alén de seren colegas de traballo na HSA, Jean Longland e Alice Mc Van mantiñan unha estreita relación persoal. En carta á directora do *Gallaudet Today* uns meses despois do repentino pasamento de Mc Van en 1970, Longland menciona que compartiran vivenda durante 23 anos (carta de 14/7/1971, carpeta Alice Mc Van, HSA).

5 Laín, Ridruejo e Marías eran na altura opositores ao réxime franquista e membros do Comité Español del Congreso por la Libertad de la Cultura, organización a que estivo vinculado Domingo García-Sabell e, en menor medida, Ramón Piñeiro (Glondys 210-211). O Instituto de Estudios Norteamericanos de Barcelona, como o Congreso por la Libertad de la Cultura, era unha institución que formaba parte da acción cultural norteamericana no marco da guerra fría.

Nesta viaxe Longland entrara en contacto con Ramón Piñeiro por indicación de Ernesto Guerra da Cal⁶. Do desenvolvemento da visita sabemos pola correspondencia posterior entre Longland e Piñeiro: Compostela deixou unha viva impresión na norteamericana, coñeceu a Piñeiro e a súa dona Isabel López, a Penzol e a súa dona Blanca Jiménez, a Seoane e a súa dona Maruxa Fernández e a Fernández del Riego e recibiu como regalo un libro de nomes galegos⁷ (carta de 30/9/1963, CA 271/11 (1), Fundación Penzol; carta de 26/1/1964, CA 271/11 (3), Fundación Penzol). Pola súa parte Ramón Piñeiro, en carta a Da Cal, sinalará que “A señorita Longland é moi simpática, culta e intelixente. A todos produciu moi grata impresión. Encantoulle Galicia” (carta de 7/1/1964, carpeta Da Cal, HSA). O encontro serviu para que prendese definitivamente nela o interese pola cultura galega, e foi o punto de partida da cordial relación con Piñeiro que mantería durante décadas.

Pouco despois da visita a Compostela iníciase o intercambio epistolar entre Jean R. Longland e Ramón Piñeiro. Con data de 30 de setembro Longland envíalle unha carta lembrando a cidade e os amigos (“Estoy a pensar a cada momento en Galicia y en mis amigos gallegos. Barcelona era siempre mi ciudad predilecta de España pero ahora le estoy infiel –es Santiago”), con saúdos

6 Nunha carta posterior, comentando a resposta de García-Sabell ao discurso de ingreso de Piñeiro na RAG así o lembrará Longland: “Sempre a dar’ – that describes you exactly. And as García-Sabell says, often at the cost of your own work. I have always been ashamed that I burst in on your privacy and your work that day in Compostela, but I had been unable to find your telephone number, and I was determined to meet Ernesto’s friend” (carta de 11/3/1968, carpeta Jean R. Longland, HSA). Longland e Da Cal mantiñan unha estreita relación de colaboración no seo da HSA; como responsábel da Biblioteca Longland será a encargada de xestionar a doazón da biblioteca de Da Cal á institución logo da súa xubilación (Rodríguez Gómez 226, 432).

7 Talvez se trate de *Dos mil nombres gallegos* de Francisco Lanza Álvarez editado polo Centro Galego de Bos Aires en 1953.

para a súa dona, Isabel, e para o matrimonio Penzol (CA 271/11 (1), Fundación Penzol). De 29 abril de 1990 é a última carta que Longland, xa xubilada da HSA, lle remite, en resposta a outra de 4 de abril en que Piñeiro lle presentaba a Antón Santamarina e Pedro de Llano, enviados polo Consello da Cultura Galega para xestionar un posíbel acordo sobre o material gráfico do libro de Ruth Matilda Anderson, e comunicaba o pasamento da súa dona Isabel: “O Director actual da biblioteca da HSA enviou-me a sua carta do 4 de Abril, que levou noticias tão dolorosas. Gostei tanto da Isabel e eu também me lembro dos dias felizes na sua casa e na minha. O perfume de Isabel ainda permanece na minha memória” (carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (50), Fundación Penzol). Enre 1963 e 1990, Ramón Piñeiro recibe un total de 52 cartas e cartóns postais de Jean Longland, custodiados na actualidade no fondo Ramón Piñeiro da Fundación Penzol coa signatura CA 271/11 (1-52). Da maior parte deste material consérvase copia na HSA, que garda 51 documentos na carpeta de membro de Ramón Piñeiro –a copia das cartas remitidas pola institución, algunhas delas asinadas por Longland, as respostas de Piñeiro, a ficha de Piñeiro de membro da HSA–, máis un total de 84 documentos na carpeta de Jean R. Longland, a maioría cartas entre Piñeiro e Longland, de teor xeralmente máis persoal, aínda que é habitual que a dimensión persoal e a institucional se combinen nunha mesma comunicación. A correspondencia está escrita en español, portugués e inglés por parte de Longland e en galego e en español por parte de Piñeiro (agás incursións puntuais no uso do inglés para correspondencia oficial coa HSA).

O conxunto da documentación e, sobre todo, da correspondencia permite seguir a evolución dunha relación de amizade persoal e familiar –Piñeiro e a súa dona, Isabel, son hóspedes de Longland nalgunha das súas visitas a Nova York, Longland visita o matrimonio nas súas viaxes a Galiza e Portugal, intercambian

presentes en varias ocasións–, a rede de relacións entre ambos – con mencións constantes das amizades comúns, principalmente as residentes en Estados Unidos, Ernesto Guerra da Cal a máis destacada–, como Longland dá a referencia de Piñeiro ás súas amizades que visitan Galiza –Priscilla Muller, futura colega na HSA, e o seu esposo (carta de 15/6/1964, CA 271/11 (4), Fundación Penzol); unha amiga norteamericana residente en París que vai ir a Santiago⁸ facer unha reportaxe antes das cerimoniais do Ano Santo (carta de 22/2/1965, CA 271/11 (6), Fundación Penzol); Susanne Weiss, colega súa (carta de 2/10/1968, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (16), Fundación Penzol)–, como Longland o pon en contacto con persoas interesadas pola cultura galega –“Aconsejé a mi amigo y colega universitario, William Davis, que le mande sus poemas sobre asuntos [sic] gallegos, principalmente sobre Rosalía de Castro” (carta de 26/1/1964, CA 271/11 (3), Fundación Penzol)–, a introdución de Piñeiro no mundo académico norteamericano, o seu nomeamento como membro da HSA e a súa relación coa institución, o intercambio de libros, referencias bibliográficas e noticias relativas a Galiza –Longland informa a Piñeiro dunha exposición de arquitectura popular no MOMA na que “[h] abía dos grandes fotografías de horreos” (carta de 22/2/1965, CA 271/11 (6), Fundación Penzol)–, o historial dos envíos bibliográficos de Piñeiro á HSA, o envío de materiais –traducións inéditas de Longland de poemas de Da Cal e de cantigas medievais– e, tamén, como Piñeiro vai aproveitar esta condición de tradutora de Longland para a incorporar, a través da revista *Grial*, ao proxecto cultural de Galaxia.

No ano posterior á visita de Longland a Galiza, *Grial* vai publicar varias das súas traducións ao inglés de cantigas trobadorescas.

8 Dorothy F. Thum, segundo a carta de Piñeiro de 17/3/1965 (carpeta Jean R. Longland, HSA).

Previamente, acompañado dunha carta datada a 26 de xaneiro de 1964, a tradutora enviara a Piñeiro un dos primeiros exemplares de *Medieval Age*, unha antoloxía coordinada por Ángel Flores, que incluía varias cantigas traducidas por ela:

Hablé con Dr. Ángel Flores⁹ que tiene los derechos literarios. Dice que dará el permiso de re-editar si usted le pida [...] Mando también (o mejor, también) [sic] las traducciones inéditas que usted puede editar si quiere, aunque creo que Dr. Flores escogió las mejores. La traducción de Vivieaz hice para divertirme, por causa del nombre, pero salió lo que llamamos “doggerel” (¿coplas de ciego?) (CA 271/11 (3), Fundación Penzol)

No número 4 de *Grial* (abril-xuño 1964) unha nota extensa co título “A nosa poesía medieval traducida ó inglés” reseña brevemente *An Anthology of the Medieval Lyrics* (1962) para destacar a relación de trobadores galegos antologados e dar o nome dos seus tradutores: maioritariamente William Myron Davies, xunto con John E. Keller (que traduce só Afonso X) e Lawrence A. Sharpe, responsábel da tradución de senllas cantigas de Airas Nunes e de Afonso Lopez de Baian. Igualmente, recolle a noticia da recente publicación de *Medieval Age* (1963):

un ricaz mosaico literario da Europa medieval, que vai dende Beowulf a François Villon, figuran tamén os correspondentes á nosa lírica dos séculos XIII e XIV, representada por Airas Nunes, Fernández de Turneol, Pero Meogo, Xoán Zorro, Martín Códax, Rui Fernández, Bolseiro e máis Dom Dinís, con un total de 26

9 Ángel Flores escribe a Piñeiro co seu permiso para a reprodución dos poemas en *Grial* e ofrece tamén que poida facer o propio coas traducións de William Myron Davis para *An anthology of medieval lyrics* (carta de 3/3/1964, carpeta Jean R. Longland, HSA), unha información que recollerá a revista.

cantigas, sendo os trovadores máis favorecidos Martín Códax, Pero Meogo e Xoán Zorro, os dous primeiros con 5 cantigas cada ún i o terceiro con 4. Tódalas cantigas foron traducidas por Janet [sic] R. Longland, autora igualmente de outras traducións, aínda inéditas, de cantigas de Pedro Viviaez, Roi Martinz do Casal, Pedro Anes Solaz, Fernan do Esquio, Sancho I, Pedro García Buralés, etc.

A nota vai acompañada dunha selección de traducións desta segunda escolma en edición bilingüe, co agradecemento expreso ao editor do volume e á tradutora por permiteren editalas en *Grial*: quince cantigas, tres por trobador, de Airas Nunes, Nuno Fernandez Torneol, Pero Meogo, Joan Zorro e Martin Codax. En carta de 11 de agosto de 1964, Longland acusa recibo do número de *Grial* –“estoy muy contenta de ver mis pobres versiones poéticas en esa revista admirable”–, pide unha rectificación do erro no seu nome –“Me gustaría mucho ver una nota de explicación en el próximo número, visto que quiero establecer mi nombre como traductora”–, informa do lanzamento da *Luso-Brazilian Review* en Wisconsin –“Todos los escritores del primero [sic] número son mis amigos o conocidos: Ernesto, Raymond Sayers, Soares Amora, Veríssimo, etc. Los estudios luso-brasileños son cada vez más importantes aquí en los Estados Unidos”– e agradece vivamente o envío do *Cancionero Popular Gallego* –“le estoy muchísimo [sic] agradecida porque sé como es difícil conseguir-los [sic]” (carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (5), Fundación Penzol). A rectificación do nome errado vai vir no número 7 (xaneiro-marzo 1966) aproveitando a nota “Aitalidade de Airas Nunes”, que informa da publicación das cantigas do trobador na edición de Giuseppe

Tavani na *Collezione Internazionale de Filologia Romanza*¹⁰. Como “contribución a esta actualización internacional do noso poeta” publican as versións, aínda inéditas, de dúas cantigas feitas por Jean R. Longland, “autora de numerosas traducións inglesas de poetas galegos e portugueses”, dando fe do erro do seu nome na anterior publicación que “[r]eitificamos moi gustosos”.

Na correspondencia entre ambos en anos posteriores con frecuencia xorden aquí e acolá referencias á poesía trobadoresca, a traducións inéditas enviadas por Longland a Piñeiro, ou aos seus contactos con Celso Cunha. Piñeiro ocúpase ademais de fornecela de eventual material de traballo: envíalle, por exemplo, a edición de Manuel Rodrigues Lapa das *Cantigas d'escarnho e maldizer* editadas por Galaxia¹¹ – “Recibí el libro de Rodrigues Lapa pero en este momento no tengo tiempo de estudiarlo” (carta de 17/12/1965, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (7), Fundación Penzol). Longland consulta a Piñeiro dúbidas lingüísticas aparecidas no curso do seu traballo como bibliotecaria: “And since I’m writing, I’ll ask your help about a book I want to catalogue at the library, E QUEN FOR BELIDA COMO NOS BELIDAS. I enclose a copy of the front and back cover; don’t bother to return it. This is a curious little anthology that does not contain the poem quoted in the title! The problem is, who or what is Lanza? I’m sure you can solve the dúbida” (carta de 26/7/1970, carpeta Jean

10 En carta de 11/5/1968 Longland pedirá axuda a Piñeiro para localizar a colección (carpeta Ramón Piñeiro, HSA / CA 271/11 (13), Fundación Penzol). Piñeiro responde a consulta en carta de 28/5/1968 (carpeta Ramón Piñeiro, HSA).

11 O envío debeu ser solicitado pois a 16 de xullo de 1965 o Director-xerente de Galaxia envíalle un acuse de recibo dun cheque de 9,10 dólares polas Cantigas d'escarnho e de mal dizer (carpeta Jean R. Longland, HSA).

R. Longland, HSA / CA 271/11 (21), Fundación Penzol)¹². Ou teno ao tanto dos seus traballos e proxectos vinculados coa tradución da lírica medieval: “One of my current projects is a bibliography of English translations of medieval Galician-Portuguese poetry¹³. It’s for a homage volume that will come out next year: I’ll send you an offprint. You’ll be ashtonished to see how may there are: for example, nine of Nuno Fernandes Torneol’s “Levad’, amigo” (carta de 27/4/1974, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (36), Fundación Penzol).

O de Jean Longland en *Grial* é máis un dos nomes que conforman a escasa presenza feminina nos primeiros anos dunha revista que cando acolleu colaboracións (do tipo que for) de mulleres foi maioritariamente para incorporar nomes como os de Nina Epton ou Anne Marie Morris, estranxeiras e anglosaxoas, que co seu interese pola cultura galega representaban unha achega de capital simbólico (Regueira 331-333). Cabería engadir nesta nómina aínda a Marcia Andersen, estudante en Middlebury, destinataria da carta en que Piñeiro glosa as súas impresións dos Estados Unidos logo da súa primeira visita en 1966, publicada no número 14 de *Grial*, un texto en que menciona expresamente a Longland:

Con todas estas lembranzas, decátome de que non cumprín o ofrecemento de che presentar a Jean R. Longland, a xentil di-

12 Piñeiro resolve a dúbida desde Middlebury: “A palabra ‘lanzal’ é bastante utilizada no galego literario moderno. Trátase de un adxetivo que significa ‘esbelto’. No presente caso, non está empregado con moita propiedade. Coido que o utilizaron máis pola súa eufonía que polo seu significado, pois non semella atinado dicir que o nome de Compostela é ‘lanzal’” (carta de 29/7/1970, carpeta Ramón Piñeiro, HSA).

13 O traballo publicouse no ano seguinte co título “A preliminary bibliography of medieval Galician-Portuguese poetry in English translation” (Longland 135-153).

rectora da Biblioteca da Hispanic Society of America, excelente traductora ó inglés da poesía galega medieval e da portuguesa moderna, un dos espíritos máis finos e sensibles que eu conozo. Na primeira ocasión, presentareicha. Sei que seredes boas amigas. (Piñeiro, “Carta” 407)

Piñeiro envíalle a carta publicada en *Grial* e Longland responde coas súas impresións de lectura que manifestan a vontade de coñecer a Marcia Andersen:

Durante la lectura, resolví pedirle a apresentarme [sic] a esta señorita, y enfin llegué a la nota muy cordial que prometió hacerlo. Muchas gracias por eso también. Siempre me gusta saber las impresiones de los extranjeros que visitan nuestro país y esto dié a su Carta un interés poco común. (carta de 16/2/1967, CA 271/11 (11), Fundación Penzol)

Na súa resposta, Piñeiro louva en extremo a Andersen, ponderando así de forma indirecta as virtudes da propia Jean Longland:

La joven Marcia fué la persona más interesante que conocí en Middlebury: muy inteligente, culta y de una extraordinaria sensibilidad artística y humana. La conocí al final del curso, pero en seguida hicimos buena amistad. En mi estimación personal yo le encontré afinidad con Vd. y se lo dije. Varias veces hablamos de mi amiga Jean. En la “Carta” no hice más que recoger y comentar los mismos temas de las conversaciones que tuvimos ahí. Ella también tiene interés en conocerla a Vd. y por eso se lo prometí (carta de 3/3/1967, carpeta Jean R. Longland, HSA)

Desta forma Piñeiro tecía as redes de relacións entre as persoas que coñecera e que partillaban, entre outros, o interese pola cul-

tura galega, ao tempo que reforzaba a súa posición e a de Galaxia como o elo que as unía.

Nina Epton, outra das escasas colaboradoras iniciais de *Grial*, vai ser tamén citada por Longland, que descubre con sorpresa a dedicatoria a Piñeiro dun libro seu: “Mandé venir de Holanda un libro inglés sobre Galicia y Vd. puede imaginar mi emoción al ver su nombre en la dedicatoria – GRAPES AND GRANITE de Nina Epton. Acabo de lerlo y de revivir mi estancia tan agradable en la tierra. Ai que saudades” (carta de 22/2/1965, CA 271/11 (6), Fundación Penzol).

A publicación das traducións de Jean R. Longland en *Grial* responde á atención preferente concedida, por Piñeiro e por Galaxia, á poesía medieval galego-portuguesa. Lembremos que en 1953 Galaxia publicara o primeiro volume da *Escolma de poesía galega*, dedicada ao período medieval, realizada por Xosé M^a Álvarez Blázquez e prologada por Manuel Rodrigues Lapa, as noticias continuadas e puntuais en *Grial* sobre os estudos e as edicións de lírica trobadoresca, iniciativas como a impartición dun curso do propio Lapa en setembro de 1963 na Fundación Penzol dirixido a romanistas galegos ou que Galaxia edite en 1965 as *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, a magna obra de Rodrigues Lapa.

A lírica trobadoresca proporcionaba á cultura galega unha carta de presentación en ámbitos académicos servindo á estratexia de internacionalización do grupo; ademais, permitía fortalecer as relacións co mundo cultural lusófono e, en particular, co lusitanismo; finalmente, respondía como elemento modelar á concepción cultural de Galiza que Piñeiro expresara xa en varios textos dos anos 50 –a “Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués” de 1951 e os limiares a *Os Eidos* de Uxío Novoneyra (1955) e *As covas do rei Cintolo* de Daniel Cortezón (1956)– co liris-

mo, a saudade e a vivencia da paisaxe como elementos centrais do ser galego que podían e debían alimentar o renacer da literatura galega. A difusión da lírica galego-portuguesa facía posíbel a homologación internacional da cultura galega e abría posibilidades para, con novos instrumentos de análise, realizar unha lectura psicolóxica e espiritual do *corpus* trobadoresco.

A raíz do artigo “Glosas superficiaes ao tema do mar da nosa lírica primitiva” –incluído no volume de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo editado por Galaxia en 1958, e polo que os editores agardaran pacientemente– son moi significativos os intentos de facer de Ernesto Guerra da Cal, o eséxeta que tiraría os “ferrollos” que lingüistas e historiadores colocaran na lírica medieval. En varias cartas a Da Cal, Piñeiro expresa claramente esa idea:

Lin con infindo pracer o seu traballo. A interpretación anímica do maravilloso poema de Mendiño, que vostede tan sotilmente desenvolve, prodúxome verdadeira emoción. Compría resgatalo dos ferrollos dos lingüistas e historiadores. Vostede, meu amigo, devolveuno á súa verdadeira atmósfera espiritual. O mesmo se diga dos outros dous poetas. Lendo o seu fermoso traballo convencime dunha cousa que varias veces tiña pensado: que a nosa poesía medieval foi recuperada i escrarecida polos filólogos, pro agarda aínda pola iluminación valorativa da sensibilidade estética. E para esto, tan necesario, ademáis do saber filolóxico precisa-se sensibilidade e intuición poética. Poucas veces se armonizan ambas cualidás nunha mesma persoa. Por fortuna, no caso do amigo Da Cal dase esa feliz conxunción. Isto obrigaranos a falar noutra ocasión diste problema” (carta de 28/4/1958, carpeta Ernesto Guerra da Cal, HSA)

En dúas cartas de maio dese mesmo ano, Piñeiro insistirá de novo en que é preciso “facer o gran libro que a Galicia aitual lles

debe ós nosos poetas medievaes, deuda que, hoxe por hoxe, so-
mentes o amigo Da Cal pode pagar cumpridamente no nome
da cultura galega” (carta de 25/5/1958, carpeta Ernesto Guerra
da Cal, HSA). Parece que Da Cal chegou a asumir a idea como
propia pois uns meses despois, en carta a Eduardo Blanco Amor,
presenta as “Glosas” como “un capítulo de un libro ya bastante
adelantado, sobre la sustancia lírica de nuestra poesía medieval.
Libro que pretenderá rescatar a esos poetas de las garras, o mejor,
de la apisonadora erudita de historiadores y medievalistas” (en
Rodríguez Gómez 165). Sexa como for, este proxecto, que Alonso
(142) considera que interesaba ao grupo Galaxia por asentar nunha
concepción idealista dos feitos culturais e fornecer un horizonte
de futuro para a crítica literaria máis aló das interpretacións pu-
ramente positivistas, non chegaría a ver a luz.

A correspondencia entre Piñeiro e Da Cal nos últimos anos
da década de 50 e primeiros da de 60 mostra tamén o paulatino
proceso de expansión do lusitanismo en Estados Unidos ao que
se referira Longland na súa carta de agosto de 1964, e como des-
de Galiza se agardaba con expectación a introdución dos estudos
galegos na academia. En carta a Da Cal de 25/5/1958, Piñeiro
sinala como Sebastián González está disposto a pór en marcha
estudos galegos en Porto Rico, que Alberto Machado da Rosa
e Sánchez Barbudo quizais cooperasen para facelo en Wiscon-
sin, que en Montreal se podería contar cun rapaz novo, Cores, e
ademais estaría el en Nova York. Nos finais da década de 50 as
expectativas son tales que Machado da Rosa as resumirá así en
carta ao propio Da Cal:

Em Santiago todos aguardam que algures no mundo apareça um
instituto qualquer que inclua o nome “galaico”. E eu pensei que
o de N.Y.U. talvez pudesse... Não acha? Era uma grande conso-
lação (carta de 10/4/1959, carpeta Alberto Machado da Rosa, HSA)

En cartas posteriores Piñeiro seguirá informando a Guerra Da Cal de posibilidades e de vontades, como a de Agostinho da Silva de establecer na Universidade da Bahia un Núcleo de Estudos Galegos (carta de 9/12/1959, carpeta Ernesto Guerra Da Cal, HSA) ou a de Lothar F. Hensel de crear sección de estudos galegos na Universidade de Rio Grande do Sul (carta de 23/1/1960, carpeta Ernesto Guerra Da Cal, HSA). Mais no ámbito norteamericano será a acción conxunta do propio Guerra Da Cal –profesor na altura na New York University e logo, a partir de 1964, na City University of New York, no Queens College (Rodríguez Gómez 255)– e doutro exilado republicano, Emilio González López –profesor no Hunter College da CUNY e sinatura frecuente nos primeiros números de *Grial*–, a que fará posíbel a presenza de Piñeiro nos Estados Unidos no ano 1966, en Harvard no VI Coloquio de Estudos Luso-Brasileiros e no campus de verán de Middlebury College en Vermont. En primeiro lugar acode a Middlebury, convidado por Emilio González López, e logo a Harvard, grazas a mediación de Da Cal (Rodríguez Gómez 286)¹⁴.

En xaneiro dese ano Longland recibe noticia da súa próxima visita a Nova York e ofrece a súa casa no 2201 Amsterdam Avenue para aloxar a Piñeiro e a Isabel, a súa dona, durante a estadia (carta de 28/1/1966, CA 271/11 (9), Fundación Penzol); en xullo agradece a postal que Piñeiro lle envía desde Middlebury e insis-

14 Na correspondencia con Longland, Piñeiro preséntao así: “Yo tendré que ir a fines de junio y estaré en Middelbury [sic] hasta mediados de agosto, pues el motivo del viaje es una invitación del profesor González López para dar un curso sobre el pensamiento de Ortega y Gasset y sobre el ensayo español contemporáneo en el curso de verano de Middelbury [sic]. Parece que ese curso termina a mediados de agosto. Pero el profesor Francis M. Rogers de la Harvard University me propone que me quede para asistir al VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, que será del 7 al 12 de septiembre” (carta de 15/2/1966, carpeta Jean R. Longland, HSA).

te en coñecer as datas da súa posíbel visita a Nova York, ademais de comunicar algúns detalles persoais, e anunciar a súa presenza durante todo o Coloquio. Por unha carta posterior, sabemos que o matrimonio Piñeiro estivo na casa de Longland e que “la Hispanic Society fue una de las cosas que más me impresionaron ahí en New York” (carta de 3/3/1967, carpeta Jean R. Longland, HSA).

Se ben a estadía en Middlebury deu a Piñeiro a ocasión de establecer contactos e relacións, foi o Coloquio o foro privilexiado para colocar a cuestión do papel de Galiza e do galego nos estudos luso-brasileiros. A intervención de Ramón Piñeiro, presentado como representante da Editorial Galaxia, “Galician in Luso-Brasilian Studies”¹⁵, publicouse no volume de actas cun comentario de Celso Cunha, na mesma sección de “Lingüística” que as de José Herculano de Carvalho –comentada por David M. Feldman– e de José Mattoso Câmara –comentada por Brian F. Head (Sayers 47-71). Piñeiro céntrase en destacar o valor do galego para todas as persoas interesadas nos estudos luso-brasileiros, argumentando a común orixe lingüística, e salienta a lírica medieval galego-portuguesa, o gran caudal documental en galego dos séculos XIII a XVI e o vigoroso rebrote cultural contemporáneo (con destaque para as achegas de Galaxia no ámbito do ensaio¹⁶). No resumo da discusión posterior á presentación das ponencias, as intervencións sobre a presentación de Piñeiro van centrarse

15 O texto orixinal, en galego, leva por título “Galicia nos estudos luso-brasileiros” e foi publicado en *Grial* (Piñeiro, “Galicia” 457-459). A versión inglesa débese a Marcia Andersen (Piñeiro, “Carta” 393); na tradución o título foi levemente modificado: “Galician in Luso-Brasilian Studies” (Piñeiro, “Galician” 47-49).

16 En alusión indirecta: “expressing the subtle conceptual complexities of Heideggerian philosophy, or of explaining the refined convolutions of James Joyce, or of defining that spiritual phenomenon known as *humor*, or of revealing the meaning of the fluctuating spiritual states through the interpretative criteria of Jungian psychology” (Piñeiro, “Galician” 49).

no ámbito medieval, e Da Cal propón a Joseph Piel como responsable dunha comisión para fixar normas para a publicación dos documentos medievais galegos, que o profesor alemán acolle suxerindo a celebración dun “colloquium on Galician studies, to be held perhaps in the South of France” (Sayers 70). En carta a Da Cal de 29/9/1966, Piñeiro mencionará a súa conversa con Piel logo da clausura do Congreso nun bar de Broadway:

Seguimos falando da Comisión que il presidirá. Está animado. Díxome que o Celso de volta de París, pasaría por Lisboa e concretarían plans. Despois, de camiño prá Alemaña, o Piel virá verme a Compostela. Como me atopei eiquí con dúas cartas do Lapa, ao contestarlle xa lle dou un primeiro informe dos acordos de Harvard

Piñeiro é consciente da importancia simbólica da súa intervención (“falouse galego en Harvard” afirmará na anteriormente citada carta a Seoane) mais o comentario de Cunha e a discusión final mostran como, a pesar dos seus esforzos en ampliar o foco, o galego seguía a ser para a maior parte do público unha lingua poética por excelencia (así o di expresamente Cunha) e merecente de estudo principalmente no período medieval: nos documentos inéditos conservados e no cultivo poético trobadoresco.

Nos anos seguintes á súa primeira estadía estadounidense continúa o contacto de Ramón Piñeiro con Jean R. Longland, a quen comunica puntualmente as súas previsións de futuras visitas. Veranse de novo en Estados Unidos no verán do ano 1967. Na correspondencia posterior Longland móstrase particularmente interesada e emocionada polo ingreso do autor lucense na Real Academia Galega, Piñeiro envíalle o seu discurso de ingreso “A lingoaxe i as lingoas” e, en carta de 11 de marzo de 1968, a primeira que Longland lle escribe en inglés (“it is high time you stopped

pretending you don't know it!"), parabenízao e interésase especialmente por algunhas cuestións:

And the discurso! I read it immediately with great excitement. Your vigorous plea for the Gallegan language should be very effective. The were a number of interesting points to me – for instance, about mass in the vernacular. Is it said in Catalan in Cataluña? Do you think the exclusion of Gallegan from the mass is political, to avoid separatism? (Don't answer this if not convenient)¹⁷ (CA 271/11 (12), Fundación Penzol)

Afirmado o seu perfil académico coas aulas en Middlebury e co ingreso na Real Academia Galega, Jean vai propolo como membro correspondente da HSA en abril de 1968. Unha nota conservada na carpeta Ramón Piñeiro dá constancia do feito:

Prospective Members

Ramón Piñeiro: outstanding in the movement for Gallegan language and literature; editor of GRIAL; teacher in Middlebury summer school; author; member of Academia Gallega; etc.

¹⁷ Piñeiro responderá por extenso: “En gran parte se debe a que los obispos de Galicia, salvo el de Santiago, no son gallegos. Por prejuicios políticos, son hostiles a la implantación de la misa en gallego, porque creen que eso favorece al galleguismo. En cambio, el cardenal de Santiago, que es gallego, comprende que los católicos gallegos tienen derecho a rezar en su lengua y es partidario de que así se reconozca. También hay muchos sacerdotes, sobre todo los jóvenes, que son partidarios. Como hubo muchas peticiones en este sentido, por ahora autorizaron tres misas semanales en La Coruña, una en Orense y otra aquí en Santiago. Todas tienen gran éxito y la gente se emociona. En vista de eso, es muy probable que poco a poco se vayan implantando en las restantes ciudades gallegas y, finalmente, en el campo. Yo soy más bien optimista” (carta de 18/3/1968, carpeta Jean R. Longland, HSA).

See the last section of his *A LINGOAXE E AS LINGOAS* for further information (discourse by García-Sabell).

Nominated by JRL, 4.27.68

Unha anotación a man indica “renominated – ’69”¹⁸. De feito só foi neste ano, na sesión de 19 de novembro, cando é escollido por unanimidade como membro correspondente da sociedade, ao tempo que Ramón Otero Pedrayo, que fora proposto por Ernesto Guerra Da Cal. Piñeiro agradece o nomeamento en carta de 11/12/1969 dirixida a Theodore Beardsley, presidente da HSA. Na ficha de membro correspondente, que contén datos persoais e profesionais, o rexistro da actividade profesional sinala a súa condición de profesor visitante en Middlebury (1966-1970), a participación no VI Coloquio Luso-Brasileiro e unha conferencia na Universidade de Lisboa “sobre las diferencias en el concepto de Saudade en el pensamiento gallego y en el portugués” e, na sección correspondente á participación en sociedades científicas, a súa pertenza á Academia Galega e ao patronato da Fundación Penzol¹⁹.

18 Máis unha nota, co nome de Jean R. Longland, contén outra breve semblanza: “Ramón Piñeiro is one of the foremost workers in the Galician renaissance. He has written on Rosalía de Castro, and his essays on “saudade” have been translated into Castilian and used as university texts. He works tirelessly for the quarterly GRIAL and for the REVISTA DE ECONOMIA DE GALICIA, and is active in the Editorial Galaxia, which publishes Galician books, and in the Fundación Penzol, which sponsors Galician studies. He is a member of the Real Academia Gallega.

He is recommended for membership not only for his published works of philosophy and criticism, but for his contribution to the rebirth of the Galician language as a literary instrument”. Esta nota vai acompañada da anotación manuscrita “Do” e debe corresponderse coa nominación de 1969.

19 Esta formulario era completado por cada novo membro logo do seu nomeamento; recibíano xunto co certificado de membro, o catálogo de publicacións da HSA e o volume coa historia da sociedade. Piñeiro acusa recibo deste material e

No ano 1968 Piñeiro e Longland non coincidiran nos Estados Unidos, si o farán nos veráns dos anos 69 e 70, o último en que Piñeiro é convidado a Middlebury. Nunha nota conservada na carpeta de Longland na HSA, ela anotou “August 21st, 1969: I gave a party for the Piñeiros on their one night in New York before flying to Madrid”²⁰ xunto cos asistentes á velada: Ramón and Isabel, Dr. and Mrs. Beardsley, José e Camila Miguéis, Emilio and María González López, Raymond Sayers, Manoel Cardozo e a propia Jean²¹. No ano seguinte, puideron só verse na HSA a onde Piñeiro acode e onde debeu levarlle de presente unha máscara de Sargadelos: “It was a delightful surprise to see you at the HSA, and Ernesto was pleased too. And the whole staff come to admire the ceramic mask” (carta de 26/7/1970, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (21), Fundación Penzol).

Como dixemos, Piñeiro non volverá ao campus de verán en 1971. Segundo informa a Longland: “Houbo cambios grandes en

envía a ficha de membro e unha fotografía recente para os arquivos da sociedade en carta a June Blanchard de 23/9/1970 (carpeta Ramón Piñeiro, HSA).

20 A celebración foi no seu domicilio no 490 West End. En carta de 16/12/1967 Longland comunicara a Piñeiro o seu novo enderezo.

21 Á organización deste encontro refírese en carta de 3/8/1969, cando ofrece que se aloxen na súa casa na última noite en Nova York: “Se vocês se hospedarem aqui, eu podia convidar Ernesto e Elsie Da Cal e o Raymond para uma festinha. Falei ontem com o Ernesto que prepara um trabalho sobre os poemas galegos de Lorca. Parece que Ernesto colaborou neles”. A presenza de Emilio González López e da súa esposa foi suxerida por Piñeiro (carta de 6/8/1969, carpeta Jean R. Longland, HSA). Nunha carta de 28/8/1969 o lucense agradece a súa acollida: “Frente á imaxe dura e agria que de América se ten polo mundo adiante, nós imos coñecendo –e, naturalmente, estimando– unha América moi distinta: amistosa, aberta, xentil, xenerosa, entusiasta, ou seña, nobremente humana. Un bó símbolo desa América verdadeira –a América dos sentimentos humanos, non a dos grandes interese materiais–, é a nosa amiga Jean. Temos moito pracer en lle manifestar a nosa gratitude polo privilexio que nos ofreceu introducíndonos no ámbito espiritual do seu círculo amistoso”.

Middlebury, e tamén cambios no profesorado. Percuran uma [sic] profunda renovación, como os tempos reclaman en todas as universidades” (carta de 25/7/1971, carpeta Jean R. Longland, HSA). Os seus próximos encontros terán lugar no Porto e na Galiza, nos anos 1972 e 1973 respectivamente. No primeiro caso, e ante a imposibilidade de Jean desprazarse a Galiza, Piñeiro infórmaa de que “[c]omo non queremos deixar de a ver, estamos preparando uma viaxem [sic] a Porto. Trataremos de estar nesa cidade o sábado día 11. Como sabemos o hotel en que se hospeda, procurarémosla. Alégranos moito a idea deste encontro” (carta de 4/11/1972, carpeta Jean R. Longland, HSA). En xuño do ano seguinte Jean devolveralles a visita, aproveitando as súas vacacións en Portugal, acompañada polo poeta Egito Gonçalves que, ante as dificultades de usar os medios de transporte públicos, se ofrece a levala a Compostela (carta de 20/5/1973, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (31), Fundación Penzol). Pasarán na cidade os días 16 e 17 de xuño.

Non volverán encontrarse persoalmente, aínda que manterán unha correspondencia cada vez máis espaciada no tempo, sempre cumprindo coa cita obrigada da postal de Nadal, que tanto a familia Piñeiro como Longland remiten, as dela as máis das veces incluíndo versos de poetas portugueses contemporáneos, os do matrimonio frecuentemente con motivos galegos. Continuará o intercambio de noticias sobre intereses comúns e, sobre todo, de amigos e amigas de ambos. De novo acudindo á función de anfitrión de Piñeiro, Longland adiantaralle en 1973 a viaxe que ten previsto realizar Ruth Matilda Anderson a España en 1975 e pediralle que a acompañen a Padrón (“She wants very much to see the Casa de Rosalía, and I told her that if she went to Santiago, I was sure you would take her to Padrón. I know you admire her work on Galicia”, carta de 22/10/1973, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (34), Fundación Penzol), ao que acceden con

gusto. Nas cartas da década de 80 é mencionado frecuentemente Amado Ricón, daquela profesor en Nova York, a maior parte das veces como mediador entre ambos, por exemplo cando Piñeiro solicita unha copia da Crónica Galega de 1404 dos fondos da HSA para Ramón Lorenzo, que pagará Ricón e que logo pagarán a este (carta de 5/5/1981, carpeta Jean R. Longland, HSA) ou cando Longland o menciona a propósito dunha posíbel exposición de Ruth Matilda Anderson en Galiza (“We are now discussing with Dr. Ricón the possibility of an exhibition at the Museo do Pobo Galego of Ruth M. Anderson’s photographs of Galicia. Perhaps you know that she died last spring. Such an exhibition would be a fitting memorial to her”, carta de 10/11/1983, carpeta Ramón Piñeiro, HSA / CA 271/11 (49), Fundación Penzol). Piñeiro continuará a enviar numeroso material bibliográfico á HSA: os sucesivos volumes da *Gran Enciclopedia Gallega* (“Coido que debe figurar nesa Biblioteca”, carta de 23/6/1980, carpeta Jean R. Longland, HSA), a colección completa da revista *Nós*, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez, anexos de *Verba*, boa parte das novidades literarias de *Galaxia* etc.

O interese pola literatura galega, especialmente pola poesía, prendeu en Jean Longland, que procurou pola súa conta antoloxías poéticas como *Poesía de Galicia* de Alejandro Finisterre (carta de 22/2/1965, CA 271/11 (6), Fundación Penzol), *Sete voces perenes da Galiza lírica* de Hugo Rocha (“sem demora peguei no capítulo sobre Martín Codax. Que saudades de Vigo!”, carta de 6/8/1970, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (22), Fundación Penzol²²), *Ocho siglos de poesía gallega* de Carmen Martín Gaité, que alguén lle prestara previamente (“it is so useful that I

22 Na mesma carta sinala: “Na biblioteca pedi as normas ortográficas da Academia Gallega, descritas em EL LIBRO ESPAÑOL. Há muitas notícias da Galiza em cada número”.

have ordered a copy for myself”, carta de 9/3/1976, carpeta Jean R. Longland, HSA / CA 271/11 (40), Fundación Penzol). Piñeiro tamén procurou avivar a súa atención á poesía galega, para alén da medieval, e remitiulle, por exemplo, as *Poesías* de Manuel Antonio que Longland agradece (carta de 22/10/1973, carpeta Longland, HSA / CA 271/11 (34), Fundación Penzol).

Até onde sabemos, a actividade como tradutora de poesía galega de Jean R. Longland non foi alén das cantigas medievas e dalgúns poemas de Ernesto Guerra Da Cal, mais, como acabamos de demostrar, tivo un papel relevante no establecemento da rede de relacións internacionais do grupo Galaxia nos anos 60 e 70 do pasado século.

Referencias bibliográficas

- A History of the Hispanic Society of America. Museum and Library (1904-1954)*. Hispanic Society of America, 1954
- Alonso Nogueira, Álex. “Alén da lúa de alén mar: traxectorias dos intelectuais galegos exiliados en Nova York.” *Emigración e exilio nos Estados Unidos de América: experiencias de Galicia e Azores* coord. por Alberto Pena et al., Consello da Cultura Galega, 2015, pp. 135-156.
- Codding, Michael. “Archer Milton Huntington, champion of Spain in the United States.” *Spain in America. The Origins of Hispanism in the United States*, ed. por Richard Kagan, University of Illinois Press, pp. 142-170.
- Espinosa Fernández, Noemí. *La fotografía en los fondos de la Hispanic Society of America. Ruth Matilda Anderson*. Tese de doutoramento inédita, Universidad de Castilla La Mancha, 2010.
- Glondys, Olga. *La Guerra Fría cultural y el exilio republicano español. Cuadernos del Congreso por la Libertad de la Cultura (1953-1965)*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2012.
- Longland, Jean R. “A preliminary bibliography of medieval Galician-

- Portuguese poetry in English translation." *Studies in honor of Lloyd A. Kasten*, University of Wisconsin, Hispanic seminary of medieval studies, 1975, pp. 135-153.
- Piñeiro, Ramón. "Carta a Marcia Andersen." *Grial*, 14, 1966, pp. 393-407.
- . "Galician in Luso-Brazilian Studies." *Portugal and Brazil in transition* ed. por Raymond Sayers, University of Minnesota Press, 1968, pp. 47-49.
- . "Galicia nos estudos luso-brasileiros." *Grial*, 18, 1967, pp. 457-459.
- Regueira, Mario. *A narrativa na reconstrução do campo literario galego de posguerra. Repertorios e imaxinario nacional no proxecto de Galaxia*. Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2015.
- Rodríguez Gómez, José Manuel (Joel R. Gômez). *A trajetória de Ernesto Guerra da Cal nos campos científico e literário*. Universidade de Santiago de Compostela, 2009.
- Sayers, Raymond, ed. *Portugal and Brazil in transition*. University of Minnesota Press, 1968.